

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000029.

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores**, día **23 de xullo de 2025, ás 10:00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

1. CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA ORZAMENTO 2025; DIOCESE DE LUGO (REHABILITACIÓN CAPELA DO CARME - RESTAURACIÓN DE FACHADAS E CARPINTERÍAS EXTERIORES).

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.

2. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS CASETAS NO RECINTO DO FEIRAL DE SAN FROILÁN. APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025-C004-000021.

3. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN NO CONCELLO DE LUGO DO FESTIVAL "CAUDAL FEST" 2025. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXP. REF. 2025/C005/000006.

4. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA MONTAXE E DESMONTAXE DAS INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN E OUTROS EVENTOS ESCÉNICOS DAS FESTAS DE SAN FROILÁN. APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE

CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025-C003-000039.

5. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DO CLUB DE LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL ISIDRO NOVO. EXP. REF. 2024-C003-000025. PRIMEIRA PRÓRROGA DENDE O 14 DE OUTUBRO DE 2025 AO 13 DE OUTUBRO DE 2026.

6. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES TÉCNICAS: SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA, ASÍ COMO DA VIXILANCIA DA SAÚDE. Exp. ref.: 2024-C003-0000012. PRIMEIRA PRÓRROGA DENDE O 9 DE SETEMBRO DE 2025 AO 8 DE SETEMBRO DE 2026.

7. CONTRATACIÓN DA OBRA DE "PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO CEAO". APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025-C002-000020.

8. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA DENTRO DO TERMO MUNICIPAL DE LUGO. EXP REF: 2021-C003-000020. PRIMEIRA PRÓRROGA DENDE O 1 DE SETEMBRO DE 2025 AO 31 DE AGOSTO DE 2026.

FOMENTO

9. PROCEDER A RATIFICAR O CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE SEGURIDAD E O CONCELLO DE LUGO PARA A INCORPORACIÓN DO CORPO DE POLICÍA LOCA AO "SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL DE LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO (SISTEMA VIOGÉN)".

10. RATIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIOS CULTURAIS MUNICIPAIS: AUDITORIO GUSTAVO FREIRE, NOVO AUDITORIO E CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE NO CONCELLO DE LUGO, ANO 2024.

11. CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA

COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN - PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS- NO CONCELLO DE LUGO, ANO 2025.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, -por suplencia do vicesecretario accidental- como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral municipal, don Luis Manuel Vázquez Parga.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente á marxe polo Excmo. Sr. Alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.
